



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias xaneiro 2019

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de xaneiro do ano 2019 acadou a cifra de 992.370 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de decembro de 2018 de 13.737 afiliacións (-1,37%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 18.819.300, rexistrando unha caída do 1,08% con respecto ao pasado mes de decembro.

Na comparativa interanual (xaneiro de 2019 con xaneiro de 2018) obsérvase un incremento de 18.909 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,94%), e un incremento do 2,94% (537.269 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de decembro de 2018, rexístranse un descenso das afiliacións en todas as comunidades, sendo Extremadura a que rexistra o maior descenso (-1,91%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior todas as comunidades amosan taxas positivas. Os maiores incrementos rexístranse en: Castilla La Mancha, Madrid, Comunitat Valenciana, Andalucía e Navarra (todas elas con taxas superiores ao 3,0%). En senso contrario, os menores crecementos rexístranse en Asturias (0,90%), Castilla y León (1,36%) e Cantabria (1,66%).


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	18.819.300	-204.865	-1,08	537.269	2,94
Galicia	992.370	-13.738	-1,37	18.908	1,94
Andalucía	3.087.538	-22.633	-0,73	94.829	3,17
Aragón	562.164	-5.018	-0,88	12.134	2,21
Asturias	359.264	-4.892	-1,34	3.211	0,90
Illes Balears	421.425	-5.435	-1,27	11.998	2,93
Canarias	802.906	-10.081	-1,24	22.349	2,86
Cantabria	211.482	-3.646	-1,69	3.457	1,66
Castilla La Mancha	701.073	-5.125	-0,73	27.156	4,03
Castilla y León	902.907	-12.657	-1,38	12.391	1,39
Cataluña	3.362.159	-34.462	-1,01	94.512	2,89
Comunitat Valenciana	1.873.693	-30.554	-1,60	64.561	3,57
Extremadura	386.948	-7.522	-1,91	7.239	1,91
Madrid	3.177.409	-31.138	-0,97	116.942	3,82
Murcia	569.150	-5.715	-0,99	15.634	2,82
Navarra	280.133	-2.509	-0,89	8.571	3,16
País Vasco	953.524	-8.580	-0,89	17.593	1,88
La Rioja	127.761	-734	-0,57	3.002	2,41
Ceuta e Melilla	47.394	-429	-0,90	2.781	6,23

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

1

O Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social dende o informe de decembro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas, agás en Ourense. Pontevedra é a provincia que presenta o maior incremento interanual nas afiliacións cunha taxa de variación do 2,67%, o que supón 8.972 afiliacións máis, seguida de A Coruña (2,01%) e Lugo (1,29%). Ourense é a única provincia onde descendieron as afiliacións, 6 menos que en xaneiro de 2018, cunha taxa interanual do -0,01%.

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de xaneiro con respecto ás do mes de decembro de 2018, rexistrouse unha diminución en Galicia do 1,37%. Todas as provincias amosan datos negativos, producíndose o maior descenso en Pontevedra (-1,50%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA XANEIRO 2019	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	425.809	-6.019	-1,39	8.401	2,01
LUGO	120.576	-1.322	-1,08	1.541	1,29
OURENSE	100.846	-1.147	-1,12	-6	-0,01
PONTEVEDRA	345.139	-5.250	-1,50	8.972	2,67
GALICIA	992.370	-13.738	-1,37	18.908	1,94
ESPAÑA	18.819.300	-204.865	-1,08	537.269	2,94


Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 76,8% das afiliacións galegas en xaneiro de 2019, diminuíron un 1,49% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un incremento do 2,84%. En España estas taxas foron do -1,16% con respecto a decembro de 2018 e do 3,30% en relación ao mes de xaneiro de 2018. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (70,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de crecemento interanuais negativas agás Pontevedra (0,26%). O descenso medio da comunidade galega situouse no -1,00%. Para este réxime e con respecto ao mes de decembro de 2018, todas as provincias galegas rexistran taxas negativas, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do -0,64%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha variación negativa con respecto a decembro de 2018 (-0,62%) e unha variación interanual positiva con respecto a xaneiro de 2018 (1,27%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a xaneiro de 2018 Pontevedra é a única provincia con taxa positiva (0,38%) mentres que o maior descenso rexístrase en Lugo (-2,19%). A taxa galega é do -0,01%, inferior á de España (1,63%). No caso das taxas intermensuais (con respecto a decembro de 2018), todas as provincias teñen taxas negativas, polo que a taxa galega amosa un descenso do 4,01% con respecto a decembro de 2018. A taxa nacional é do -2,26%.




Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN XANEIRO 2019	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	425.809	-1,39	2,01
LUGO	120.576	-1,08	1,29
OURENSE	100.846	-1,12	-0,01
PONTEVEDRA	345.139	-1,50	2,67
GALICIA	992.370	-1,37	1,94
ESPAÑA	18.819.300	-1,08	2,94
R. XERAL			
A CORUÑA	334.816	-1,48	2,77
LUGO	84.803	-1,30	2,80
OURENSE	76.897	-1,25	1,25
PONTEVEDRA	265.389	-1,63	3,41
GALICIA	761.905	-1,49	2,84
ESPAÑA	15.522.075	-1,16	3,30
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	85.196	-0,70	-0,71
LUGO	34.257	-0,57	-2,10
OURENSE	23.949	-0,70	-3,83
PONTEVEDRA	66.526	-0,58	0,26
GALICIA	209.928	-0,64	-1,00
ESPAÑA	3.234.373	-0,62	1,27
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	5.798	-6,33	-0,31
LUGO	1.517	-0,26	-2,19
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.224	-3,38	0,38
GALICIA	20.539	-4,01	-0,01
ESPAÑA	61.204	-2,26	1,63

Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.empleo.gob.es>